

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, 3 de abril de dous mil vinte catro.

Na sala de Xuntas do Concello de Mos, ás 10:00 horas, reúnese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, de contrato administrativo de servizos de xestión do punto limpo do concello de Mos emprazado no Polígono Empresarial de Veigadaña, integrada pola Sra. Alcadesa, Dna. Nidia M^a Arévalo Gómez como Presidenta, D^a. Laura Méndez Senlle, Concelleira de Medio Ambiente, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. Santiago Gestal Pérez, Interventor, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 22 de marzo, de conformidade coa proposta da Mesa e o disposto na cláusula 17.3 dos PCAP, acordou conceder un prazo de 7 días hábiles a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L. para que presentase a documentación que figura no citado artigo e que non figura nos rexistros de contratistas.

En data de 02/04/2024, recíbese a seguinte documentación, a través do perfil do contratante, de GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.:

1. Certificado de clasificación da empresa.
2. Acreditación de atoparse ao corrente no cumprimento do deberes tributarios e seguridade social mediante certificacións positivas:
 - 2.1. *Certificación TGSS*
 - 2.2. *Certificación Axencia Estatal Tributaria.*
3. Constitución de garantía definitiva: transferencia bancaria a favor do Concello de Mos por importe de 1.862,50 euros.

Pola súa banda, o Concello procede a descargar certificado de inscrición da empresa no Rexistro de licitadores e empresas clasificadas do sector público.

SEGUNDO.- Examinada pola Mesa de contratación a documentación presentada xunto coa documentación que consta no rexistro de contratistas, entende que a mesma está incompleta, por non aportarse a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da capacidade de obrar e da representación.

Escritura ou documento de constitución, ou de modificación, no seu caso, estatutos ou acta fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

- Documentación acreditativa da solvencia

A entidade proposta deberá achegar a documentación acreditativa da súa solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.3. do presente Prego. Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 95 da LCSP, a Administración contratante poderá solicitar



aclaracións sobre a documentación presentada para acreditar a solvencia, ou requirir a presentación doutros documentos complementarios.

- Obrigas tributarias.

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdise aínda a obrigaón de pago. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable da persoa licitadora de non darse de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificado de atoparse ao corrente coa Facenda Autonómica de Galicia.

En consecuencia, a Mesa acorda requirir a documentación citada á empresa proposta para a adxudicación.

A Sra. Presidenta da por terminada a reunión ás 10,35 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

Documento asinado electronicamente á marxe

